

14 de novembro Folga Xeral

En Galiza hai razóns. Loitemos polo futuro

A destrución de emprego avanzou de xeito imparábel desde o inicio da actual crise económica. As políticas emprendidas **agravaron aínda máis a situación de miles de persoas no noso país**, ao tempo que protexen aos verdadeiros culpábeis da actual desfeita económica e social.

100.000 persoas máis ficaron sen emprego en Galiza neste período de crise económica, superando xa as 267.000, un 20 por 100 da poboación activa. **As decisións políticas que se están a adoptar están a ter unha influencia decisiva no empeoramento das condicións de vida das maiorías sociais.** Cada nova “reforma” supón un recorte en servizos públicos e un retroceso en conquistas sociais.

A democracia tamén está a ser abatida co pretexto da crise. Cada vez é máis evidente que se goberna en institucións e organismos afastados, que non están sometidos ao referendo popular. Quen decide realmente non ten que dar contas, e os gobernos que son escollidos en procesos electorais, simplemente se dedican a cumprir os mandatos, sen atreverse a retrucar ningunha das imposicións dos grandes poderes financeiros que perseguen. **Os Gobernos do PP en Madrid e Galiza coidan non só de que a crise non afecte a ditos poderes, senón tamén para que a paguen as maiorías sociais**, asumindo restricións, pagando indiscriminadamente máis impostos para sanear os balances da banca privada.

O FMI, o BCE, a UE, deseñan a política económica. Rajoy e Feijoo limitáanse a executar, aplicando receitas fracasadas, ineficaces, que sitúan xa a unha ampla maioría de persoas a carón do abismo, sen traballo nin rede social de cobertura.

Canto máis se distancian os centros de decisión, máis inxustas son as políticas adoptadas, máis se agudiza a crise económica.

Saír da crise económica para moitas galegas e galegos significa poder ter un traballo. E poder xerar emprego para eses miles de persoas que aspiran a telo só poderá vir da man de reactivar os sectores produtivos básicos da nosa economía, para o que **precisamos ter maior capacidade de decisión en Galiza** para darlles apoio e orientalos polo camiño dun desenvolvemento sustentábel.

Galiza ten ferramentas para superar a crise: recursos, coñecemento e vontade de moitas persoas para saír adiante con éxito. Mais ten que ter capacidade para exercelas, ten que poder exercer a súa soberanía económica para xerar emprego e benestar para as maiorías sociais de Galiza.

O vindeiro 14 de novembro temos unha oportunidade de reivindicar unha saída xusta á crise. A prol das galegas e galegos e non dos mercados financeiros. A mellora das condicións de vida das maiorías sociais.

Para que Galiza decida como saír da crise!
Apoia a folga xeral convocada polas organizacións sindicais.
Acude ás manifestacións.

